

010202 16.12.2010 11:26

INSTRUCCIÓN X/2010 DA XERENCIA, RELATIVA Á APLICACIÓN DAS MEDIDAS PREVISTAS NA LEI 35/2010 DE 17 DE SETEMBRO, DE MEDIDAS URXENTES PARA A REFORMA DO MERCADO DE TRABALLO

INTRODUCCIÓN

Mediante a Instrución da Xerencia VII/2010 ditábanse as indicacións necesarias para adaptar na USC o disposto no Real Decreto-Lei 10/2010, de 16 de xuño, de “*Medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo*”.

A publicación o pasado 18 de setembro da Lei 35/2010, fai preciso actualizar as ditas indicacións de xeito que, se establezan pautas e límites claros para a utilización dos contratos laborais de duración determinada na USC.

A citada Lei 35/2010 modifica o establecido no Real Decreto Legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o Estatuto dos Traballadores (ET), moi en particular nas condicións que afectan aos contratos de traballo celebrados para a realización dunha obra ou servizo determinado.

Nas universidades públicas é frecuente que esta figura contractual se utilice para a captación de traballadores que colaboran en actividades de I+D e de posgrao, actividades nas que se dan as condicións que definen aos ditos contratos. No caso dos contratos para a realización de obras ou servizos determinados, estes deben ter autonomía e substantividade propia dentro da actividade da organización, e a súa duración, aínda que limitada, é, en principio, incerta (artigo 15 do ET), non podendo, con carácter xeral, ter unha duración superior aos tres anos.

Por outra banda, dada a singularidade destes contratos para a realización de obras ou servizos determinados, as funcións que han de realizar os traballadores deben axustarse sempre ás especificacións que figuran no seu contrato. Ese control e a responsabilidade do seu cumprimento, debe ser exercido por quen propoña a contratación, que será o investigador principal, director do curso de posgrao ou responsable institucional que se defina.

Por estas razóns, cómpre establecer os criterios de actuación para os casos nos que a USC utilice determinadas figuras contractuais de duración determinada.

En consecuencia, a Xerencia, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, resolve:

010202 16.12.2010 11:22

PRIMEIRO. CRITERIOS XERAIS

Para os efectos de contratación laboral, enténdese por “obra ou servizo determinado” aquela actividade ou conxunto de actividades que teñen autonomía e substantividade propias dentro da actividade da USC, e que van quedar definidas no contrato, debendo resumir dun xeito claro e conciso as funcións que lle serán encomendadas á persoa contratada durante a súa relación laboral coa USC.

Na proposta de contratación deberá facerse explícita a definición da obra ou servizo determinado, así como as funcións que debe desenvolver a persoa contratada.

Cando estas contratacións se realicen para actividades de I+D e posgrao, deberá existir coherencia coa liña de investigación ou, de ser o caso, a actividade á que se vincule o contrato.

SEGUNDO. PROPOSTAS DE CONTRATACIÓN

As propostas de contratación deberán axustarse, en canto a titulacións requiridas, categorías, retribucións, etc, ao que a USC estableza para estes supostos. Para estes efectos, os servizos administrativos da USC facilitarán a información que sexa precisa.

Poderán realizar as propostas de contratación ás que se refire a presente Instrución os investigadores principais – no caso de actividades de I+D –, os directores de actividades formativas – para o caso de cursos de posgrao –, e os responsables institucionais nos demais casos.

Os proponentes deberán especificar e identificar con precisión e claridade suficientes, a obra ou servizo que constitúa o obxecto do contrato, que non poderá ser unha tarefa habitual ou estrutural da Universidade, e o crédito no que se imputarán todos os gastos derivados da contratación, así como describir na proposta os traballos ou funcións a desenvolver, que deberán estar sempre relacionadas co obxecto e categoría do contrato. A proposta conterá unha declaración de que asume as condicións da contratación, de velar pola súa correcta execución e de coñecer as súas responsabilidades no caso de que se autorice a contratación.

Os proponentes de contratacións deberán observar as causas de abstención establecidas no artigo 28 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Agás autorización expresa a prestación de servizos derivada deste tipo de contratos deberán realizarse en dependencias da USC.

TERCEIRO. SEGUIMENTO DAS CONTRATACIÓNS

Será función dos proponentes de contratos velar porque as funcións que realicen as persoas contratadas se axusten ás que figuren na proposta de contratación e no contrato laboral.

Estas funcións deberán corresponder coas actividades non estruturais para as que foron contratados. Non se poderán realizar funcións ou actividades que non foran obxecto da contratación, nin funcións de categoría superior ou que correspondan a outros colectivos. En particular quedan excluídas as funcións reguladas docente e investigadora, así como a titoría de teses e traballos de investigación.

Os recursos necesarios para sufragar as indemnizacións que se puideran derivar por incumprimentos contractuais, detraeranse da partida orzamentaria con cargo á que se financie a contratación.

No caso de non existir partida orzamentaria con crédito suficiente para asumir as responsabilidades económicas, estas serán asumidas polos orzamentos da USC, sen prexuízo da súa posterior repercusión ao crédito que se determine pola Xerencia ou a Vicerreitoría competente.

CUARTO. LIMITACIÓNS TEMPORAIS DOS CONTRATOS

A obra ou servizo determinado deberá ter prevista unha delimitación temporal que sexa coherente coas necesidades da USC e cos requirimentos das fontes de financiamento. As modificacións da data de finalización prevista deberán ser sempre motivadas e acordadas co financiamento dispoñible e os seus condicionantes. En calquera caso deberán respectar os tempos máximos e demais requisitos que se deriven da lexislación aplicable. En consecuencia:

1. Os contratos temporais para a realización de obras ou servizos determinados, regulados no artigo 15.1 do ET, terán unha duración máxima e improrrogable de tres anos. Unicamente quedan exceptuados deste límite máximo os contratos vinculados a proxectos singulares de investigación financiados mediante axudas ou subvencións públicas, de acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 13/1986, cando tales proxectos teñan unha duración superior a tres anos.

2. Aos traballadores que, con data anterior ao 18 de xuño de 2010, tiveran un ou máis contratos de obra ou servizo determinado ou eventuais coa USC e sexan propostos para formalizar un novo contrato deste tipo, computaráselles todos estes períodos de contratación, de xeito que en ningún caso se superen os tres anos de vinculación coa USC mediante estes tipos de contratos.

3. Límite ao encadeamento dos contratos. A duración da vinculación dos traballadores que asinen coa USC dous ou máis contratos para a realización de obras ou servizos determinados ou eventuais, non poderá ser superior a 24 meses nun período de 30, en aplicación do establecido no artigo 15.5 do ET.

De acordo co recollido no punto 1 do apartado cuarto desta instrución, non será de aplicación este límite para os contratos de obra ou servizo que se realicen no marco de proxectos singulares de investigación financiados mediante axudas ou subvencións públicas, de acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 13/1986.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA. CONTRATACIÓNS DERIVADAS DE LISTAXES DE ESPERA

En todo caso, na aplicación dos criterios acordados para a xestión das listaxes de espera será necesario estar ao establecido no artigo 15.5 do ET.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA. CONTRATACIÓNS DE PDI EN RÉXIME LABORAL

As modalidades contractuais particulares previstas no artigo 48 da Lei 6/2001 de Universidades non están sometidas ás limitacións expresadas no apartado cuarto da presente Instrución

DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA. CONTRATOS FORMALIZADOS CON ANTERIORIDADE AO 18 DE XUÑO DE 2010

1. Cando os traballadores tivesen formalizado coa USC un único contrato de obra ou servizo determinado poderíase, de ser o caso, prorrogar a duración do mesmo ata a finalización da actividade de investigación para a que estivesen contratados.

2. Cando os traballadores tivesen formalizado coa USC dous ou máis contratos eventuais ou de obra ou servizo determinado, a duración dos mesmos, incluídas as súas prórrogas, non poderán superar o período máximo establecido no artigo 15.5 do ET.

3. Cando os traballadores estivesen contratados por un prazo superior ao establecido no citado artigo con máis de un contrato, excepcionalmente poderase prorrogar o último contrato ata o remate do obxecto da obra ou servizo determinado.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA SEGUNDA. CONTRATOS FORMALIZADOS ENTRE O 18 DE XUÑO E O 18 DE SETEMBRO DE 2010

Estarase ao regulado no Real Decreto-lei 10/2010, do 16 de xuño, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo.

DISPOSICIÓN FINAL

Como anexos á presente Instrución, acompañanse modelos de proposta de contratación e declaración de coñecer as condicións aplicables. Estes modelos poderán ser adaptados ás necesidades das unidades administrativas implicadas na xestión.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Queda sen efecto a Instrución da Xerencia VII/2010 de 21 de xullo de 2010

Santiago de Compostela 16 de decembro 2010

A XERENTA,



María Lourdes Balán Aira

SOLICITUDE PARA A REALIZACIÓN DUN CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA

Proposta de contratación			
Nome		NIF	
Titulación ¹			
Tipo de contrato			
Obxecto do contrato ²			
Traballos e funcións a realizar ³			
Inicio do contrato		Fin previsto do contrato	
Xornada laboral		Horas semanais	
Retribución bruta mensual		Número de pagas	
Custe total ⁴			
	1º ano ⁵	2º ano ⁵	
	3º ano ⁵	4º ano ⁵	
Lugar de traballo			
Centro			

¹ Titulación académica esixida

² Descrición da obra ou servizo a realizar

³ Relación das funcións fundamentais que debe realizar a persoa contratada

⁴ Custe total aproximado de todo o período previsto de contratación, incluída a seguridade social

⁵ Custe total por cada un dos exercicios económicos que dure a contratación prevista (indicar o exercicio)

Financiamento			
Referencia		Tipo de actividade	
Denominación			
Partida			
Comentarios financiamento ¹			
Responsable ²			

¹ Indicar se existen outras fontes de cofinanciamento ou peculiaridades en canto aos requisitos de xustificación, etc

² Investigador principal, responsable do servizo, responsable do crédito, etc.

DECLARO que asumo a seguintes responsabilidades e teño coñecemento dos seguintes extremos:

- 1.- Coñezo as condicións da contratación solicitada, e asumo a supervisión de que as funcións a desenvolver se axusten á obra e servizo ou ao contrato eventual para a cal se autoriza a contratación.
- 2.- Se se derivaran responsabilidades económicas por incumprimento contractual, os custes que resulten serán imputados ao crédito orzamentario con cargo ao cal se financie a contratación.
- 3.- No caso de existir incumprimento contractual por dolo, culpa ou negligencia grave poderase incurrir en responsabilidade disciplinaria de acordo co disposto no Título VIII da Lei de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, e en responsabilidade patrimonial logo da instrución do procedemento establecido no artigo 21 do Real Decreto 429/1993, do 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial.

Data e sinatura		
-----------------	--	--